

# Páxinas Informativas do Museo do Pobo Galego



Museo do Pobo Galego • San Domingos de Bonaval • 15703 Santiago de Compostela  
tel. 981 583 620 • fax 981 554 840 • www.museodopobo.es • correo electrónico: info@museodopobo.com

Dirección: Carlos García Martínez ■ Secretaría: María-Xosé Fernández Cerviño  
Redacción: David Conde Lourido, Ana Estévez Lavandeira, Rosa Méndez García, Belén Sáenz-Chas Díaz  
Administración: Xulia Vázquez Randulfe

marzo 2/2008

## O Museo do Pobo Galego recibe a Medalla de Ouro de Santiago de Compostela

O pasado 15 de febreiro o Museo do Pobo Galego recibiu a Medalla de Ouro de Santiago de Compostela ao Mérito cultural, concedida por acordo unánime da Corporación municipal.

Nun acto celebrado na igrexa de San Domingos de Bonaval, Panteón de Galegos ilustres, o alcalde compostelán fíxolle entrega da medalla ao presidente do Padroado, Isaac Díaz Pardo, en presenza do ministro de Cultura e dunha ampla representación dos patróns e socios do Museo e da cidadanía.



De esquerda a dereita, Isaac Díaz pardo, presidente do Padroado do Museo, César Antonio Molina, ministro de Cultura, e Xosé A. Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago.

### Palabras de agradecemento pronunciadas polo presidente do Padroado

Sr. ministro de Cultura,  
D. César Antonio Molina,  
Sr. alcalde de Santiago,  
D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo,  
Señoras e señores,

O Museo do Pobo Galego é unha institución que nasce da nostalxia do expoliado Seminario de Estudos Galegos no ano da desfeita de Galiza. Dúas institucións o fixeron posible: o Colexio de Arquitectos de Galiza que tutelou o seu nacemento e o Concello de Santiago de Compostela que puxo en bandexa este excepcional mos-

teiro de Bonavalis. Hai unha terceira forza sen a que a xenerosidade e o talento dos arquitectos e a Corporación municipal non serían ren. Trátase desa presa de mozos que souperon levalo adiante cun gran esforzo pagado só polo seu entusiasmo, que hoxe ollamos cunha expectación non exenta de preocupación polo necesario relevo. Temos aquí con nós a María Xosé Fernández Cerviño, a Carlos García Martínez, a Xusto Beramendi, a Manuel Caamaño, e unha manchea deles que sería longo citar; e algún compañeiro xa

morto como Rafa Baltar. De ningún nos esquecemos. Pola contra os meus méritos de estar presidindo o Padroado non é outro que o dos moitos anos que teño, e que por disposición da Xunta Reitora os Presidentes do Museo do Pobo Galego deixan de selo só saíndo cos pés por diante. Así saíron os meus ilustres antecedentes, que foron membros do vello Seminario de Estudos Galegos, don Xaquín Lorenzo e don Antonio Fraguas.

Mais a miña función neste acto non é outra que agradecer en nome de todos os que velan

polo Museo do Pobo Galego a concesión desta medalla que nos entrega e coa que nos distingue o Concello de Santiago, que para nós representa un crédito intelectual que temos que reconocerlle, pois por riba do moito que nos axuda o Concello, a concesión desta condecoración tamén distingue ao Concello por que esta é a súa casa e a súa obra, polo que podemos dizer que esta condecoración é merecida, e non polo aquel que diría don Miguel de Unamuno.

Moitas gracias

## EXPOSICIÓN



### **Redes de coñecemento. A Junta de Ampliación de Estudios e a Ciencia en Galicia**

**Organiza:** Consejo Superior de Investigaciones Científicas

**Patrocina:** Fundación Caixa Galicia

**Ata 25 marzo**

Para conmemorar o centenario da creación da Junta para la Ampliación de Estudios (JAE), o CSIC promoveu esta mostra, comisariada por Xosé Anto-

nio Fraga e producida por Merlín comunicación.

O desenvolvemento da ciencia en Galicia foi serodio e lento. Os primeiros pasos danse no século XVIII da man de ilustrados como frei Martín Sarmiento. Ao longo da centuria seguinte a Universidade compostelá producirá algunhas iniciativas tan interesantes como esporádicas; entre elas inscríbese a tentativa de difusión da teoría da evolución de Darwin polo catedrático de Historia natural, Augusto González Linares, que no curso 1874-75 foi o detonante da chamada “segunda cuestión universitaria”, que a piques estivo de rematar co peche das aulas.

A JAE xorde para dar canle á necesidade de modernización do modelo científico español que ten as súas raíces no pensamento krausista, do que nacería a Institución Libre de Enseñanza, na xénese da cal participou Eugenio Montero Ríos. 1907 marca, pois, o punto de partida dun percorrido polos primeiros pasos da ciencia

en Galicia, que pasa revista ás persoas e institucións relevantes no proceso de desenvolvemento científico: Juan López Suárez, impulsor da Misión Biolóxica dirixida por Cruz Gallástegui, que desde Pontevedra abordou innovadores estudos sobre xenética vexetal e animal; a Estación de Biología mariña de Marín dirixida por José Rioja e na que colaboraron Faustino Miranda, Bibiano Fernández Osorio-Tafall e Ramón Sobrino Buhigas; o Seminario de Estudos Galegos, do que foron membros destacados Isidro Parga Pondal, Luís Iglesias, Juan Rof Codina, Aniceto Charro e Ramón María Aller; e persoeiros como Varela de la Iglesia, Varela de Montes, Rodríguez Carracido... Persoas e institucións que deron azos á investigación e a docencia, consolidando o traxecto da ciencia na Universidade galega. O periplo remata co golpe militar de 1936, que troncou este valioso labor, desmantelando as institucións vinculadas á JAE e creando un hiato que tardaría décadas en se estiar.

### **Darío Basso Algoritmi dixit:**

**24 abril-1 xuño**

Despois da súa exhibición na Coruña e en Vigo, chega ao Museo a exposición Algoritmi dixit:, unha instalación de Darío Basso que se desenvolverá nos diversos tramos do claustro alto. Con este proxecto o artista pretende incidir nas correspondencias entre artes, cien-

cias e culturas de civilizacións disparas y antitéticas (Oriente e Occidente). Nacido en Caracas, aos tres anos de idade Darío Álvarez Basso trasládase cos seus pais a Galicia, e adoita ser presentado como pintor vigués. De formación autodidacta, dáse a coñecer a mediados da década dos 80; asiste aos talleres de Arte Actual do Círculo de Bellas Artes de Madrid, onde coñece a

Darío Villalba, Eduardo Arroyo e Gustavo Torner. A súa biografía levouno por medio mundo, e esa traxectoria é patente na evolución da súa pintura. Para a crítica Mercedes Rozas, socia do Museo, as 23 pezas das que consta a exposición compoñen a obra dun artista que se apropia da memoria colectiva para integrar en cada traballo o perfil universal da arte.

## NOVA PÁXINA WEB

Desde o mes de febreiro está en servizo a nova páxina Web

[www.museodopobo.com](http://www.museodopobo.com)

Desde este novo sitio pretendemos dar mellores opcións de acceso á información e asemade mantela actualizada. A máis do acceso á Biblioteca, que xa estaba dispoñible na antiga páxina, o novo formato inclúe a visita virtual e unha ampla selección do catálogo de fondos.

A realización da páxina foi patrocinada pola Consellería de Cultura e Deporte. O deseño, como no caso da anterior, é obra de IMAXIN e na elaboración dos contidos participaron todos os departamentos: Administración, Biblioteca, Conservación, DEAC e Exposicións, xunto coa Secretaría do Museo. Foi un traballo laborioso e, pese á atención posta en todo o proceso, non cabe descartar que haxa grallas ou mesmo fallos técnicos. Por iso vos invitamos a visitar e explorar a páxina e a comunicarnos as fallas que atopedes ou as observacións que estemedes oportunas.

## NOTICIAS DE PATRÓNS E SOCIOS

### NOVOS SOCIOS

Durante o pasado ano produciuse a alta dos seguintes socios:

ARAUJO LORENZO, Carlos  
AREA CARRACEDO, Iván  
BERAMENDI ÁLVAREZ, Pablo  
CAMPO MARTÍNEZ, Carme  
CARNERO FERNÁNDEZ, Eduardo  
CARREGAL DA COSTA, Argimiro  
FERNÁNDEZ CALVO, Uxía  
FERNANDEZ-ALBOR BALTAR, Angel  
FERRO CRUZ, Enrique  
FREIRE CALVO, Luz  
GUTIERREZ FAILDE, Xosé Lois  
ISASI FREIRE, Iago  
ISASI GÓMEZ, Santiago  
LAREDO CARDONÉ, José María  
LIZARRITURRI ROSENDE, Antonio F.  
LÓPEZ RICO, Juan  
LORENZO MARTÍNEZ, Ricardo  
MARTÍNEZ GARCÍA, M. Carlos  
NÚÑEZ SOBRINO, Angel  
OTERO LAREO, Rosalía –infantil  
OTERO LAREO, Anxo –infantil  
PAZ SECO, Sara  
REYES FERRÓN, Juan José  
RÚA GORRINDO, Xosé  
VEIGA SANTAMARINA, Cristina  
VIEITEZ CENDÓN, Francisco

Dámoslles a benvida e agradecemos a súa colaboración.

### VINTECINCO ANOS DE ADHESIÓN

O próximo 10 de maio celebrarase a asemblea anual dos socios do Museo. Como cada ano, aproveitarase a oportunidade para impoñer a aquelas persoas que cumpren vintecinco anos como socios a insignia de prata da institución. En 2007 recibirán a insignia

ARRIBAS ARIAS Fernando  
ARRIBAS ARIAS José Benito  
BARBAZÁN IGLESIAS Ana  
BLANCO SUÁREZ Xosé María  
BOUZAS ARAUJO Xosé María  
CARRILLO BENZO Juan Manuel  
CONCELLO DE DODRO  
FRANCO FERNÁNDEZ Leoncio  
JUSTO MARTÍN María José  
LÓPEZ JUANES M. Blanca

LÓPEZ TAETZEL Federico  
MARIÑO FERRO Xosé Ramón  
MARIÑO GÓMEZ Manoel X.  
MARTUL TOBÍO Luís  
OTERO PARCERO Xosé Antonio  
RADIO GALICIA – SER  
REIGOSA CARREIRAS Antonio  
REY BUJÁN M. Carmen  
RODRÍGUEZ BRAVO Xosé  
SOUTO SÁNCHEZ Ana María  
TORRES REINO Xepe  
VILA BRIÓN José Fernando  
XIZ RAMIL Xulio  
ZUGASTI ENRIQUE Gerardo  
Contamos coa presenza de todos e invitamos aos socios e socias a se sumaren a esta homenaxe.

### CON NOME PROPIO

O patrón **Xosé Antón Fidalgo Santamariña** recibiu o 1º premio do VI concurso de investigación Romaría Raigame 2007, polo traballo titulado *Colectivos artesanos. Para unha etnografía dos portadores de saberes tradicionais*, que foi editado pola Centro de Cultura popular Xaquín Lorenzo da Deputación de Ourense dentro da colección Raigame.

O presidente do Padroado, **Isaac Díaz Pardo**, e o patrón **Francisco Fernández del Riego** recibiron en xaneiro pasado o premio Pen Club de Galicia, en recoñecemento pola fundamental tarefa cultural que realizan, respectivamente, en Edicións do Castro e na Editorial Galaxia.

### OS SOCIOS E PATRÓNS ESCRIBEN

Acusamos recibo e agradecemos as contribucións recentes dos patróns e socios á Biblioteca, que se relacionan a seguir:

ACUÑA, A. *Xoán Vidal: voz e memoria*. Pontevedra, 2005

BERAMENDI, J. Algunos aspectos del *nation-building* español en la Galicia del siglo XIX. En: *Construir España: Nacionalismo español y procesos de nacionalización*. Madrid, 2007

— Galicia en el estado de las autonomías. En: *Historia de España*. Madrid, 2007

— A Galicia Autónoma: A Transición en Galicia / Os primeiros pasos da Autonomía. En: *A gran historia de Galicia*. A Coruña, 2007

FERNANDEZ, M.A. *Rodado en Galicia*. Santiago, 2007

FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A. *Colectivos artesanos: para unha etnografía dos portadores de saberes tradicionais*. Ourense, 2007

GARCIA ORELLÁN, R. Las doscientas millas marinas: miradas del pasado, desafíos. En: *Canadá y la Unión Europea: visión multidisciplinar de la gestión pesquera*. Santiago, 2007

GONZÁLEZ PEREZ, C. *Xosé María Álvarez Blázquez: 1915-1985: poeta, novelista...* Noia, 2007

— O patrimonio histórico, artístico e etnográfico do concello. En: *Voces na historia*. Boiro, 2007

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. Animales identitarios. Vacas y caballos en Galicia. En: *Animalario*. Madrid, 2005

MATO, A. *Monxoi*. Santiago, 2008

REY CEBRAL, C. *Festas, lendas e tradicións do concello de Vilagarcía*. Vilagarcía, 2007

VIZ, Tino [el al.] *O Camiño de Santiago: un proxecto de fotografía documental*. Santiago, 2007

### O PADROADO APOIA A TORRE DE HÉRCULES

O Padroado do Museo do Pobo Galego, reunido en asemblea ordinaria o 15 de decembro, expresou a súa adhesión á proposta de inclusión da Torre de Hércules na lista do patrimonio mundial da Unesco.

Galicia, que conta con dous referentes prestixiosos nesa lista, pode aspirar sen dúbida a acadar maior presenza, pola riqueza e diversidade do seu patrimonio natural e cultural, e a Torre de Hércules, monumento singular entre todos e emblema inconfundible da Coruña, suma requisitos que a converten en candidata indiscutible a ese recoñecemento.

## CONVOCATORIAS

### PROXECTO DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS

#### 6ª edición

**Convoca:**

Fundación Antonio Fraguas Fraguas

**Patrocinan:**

Consellería de Cultura e Deporte

Fundación Caixa Galicia

Fundación Caixanova

**Organiza:**

Museo do Pobo Galego

Co propósito de rememorar a figura de don Antonio Fraguas na súa dobre vertente de pedagogo e etnógrafo, a Fundación Antonio Fraguas Fraguas convoca a sexta edición do proxecto didáctico encamiñado á realización dun programa de pescuda sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, xeográfico, histórico e artístico do entorno inmediato entre os centros escolares de Galicia.

O premio ten dúas modalidades: ensino primario e ensino secundario. En cada unha delas elixirase un proxecto, a desenvolver durante o seguinte ano lectivo. O ámbito temático abranguerá un ou varios dos seguintes campos: etnografía, antropoloxía, xeografía, historia e arte.

A dotación de 10.000 euros para cada modalidade hase dedicar integramente á realización do proxecto, comprendendo a elaboración dos materiais que plasmen o traballo realizado, para a súa exposición.

#### Calendario

As candidaturas deberanse remitir á Secretaría da Fundación Antonio Fraguas Fraguas, San Domingos de Bonaval, 15703 Santiago de Compostela, ata o 14 de abril de 2008.

O Xurado, composto polo Presidente da Fundación Antonio Fraguas Fraguas, o Director do Museo do Pobo Galego e tres membros, designados pola Consellería de Cultura e Deporte e polas Fundacións Caixa Galicia e Caixanova, entre persoas de recoñecida competencia no ámbito das ciencias sociais, emitirá o seu fallo antes do 30 de abril.

O traballo iniciárase co curso académico e deberá estar finalizado e presentado para a fin do curso 2008-2009. No outono organizarase a exposición dos seus resultados, quer no Museo do Pobo Galego, quer nunha institución axeitada dunha cidade ou vila de Galicia, a determinar pola Fundación Antonio Fraguas Fraguas.

#### Documentación

Para optar ao premio presentárase unha memoria descritiva do proxecto que se pretende realizar, facendo constar a súa natureza, ámbito, temporización, orzamento e con expresión do colectivo implicado na súa realización.

antonio fraguas  
6ª ed.  
proxecto didáctico  
08-09

Convoca  
Fundación Antonio Fraguas Fraguas

Patrocinan  
XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE  
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Organiza  
MUSEO DO POBO GALEGO

FUNDACIÓN CAIXA GALICIA  
caixanova

Considerarase mérito a participación da comunidade escolar no seu conxunto (profesores, alumnos e pais) e a implicación da poboación.

#### Información

Fundación Antonio Fraguas Fraguas  
San Domingos de Bonaval  
15703 Santiago de Compostela  
tel. 981 583620 – fax 981 554840  
correo e.:  
fundacionfraguas@museodopobo.com